

MOCIÓN Ó PLENO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MANZANEDA PARA A CONDENA DO RÉXIME FRANQUISTA, ELIMINACIÓN DE CALQUERA SIMBOLOXÍA QUE RECORDE OU ENALTEZA A DICTADURA E CUMPRIR COA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego do Concello de Manzaneda, ó amparo do establecido no Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno, a seguinte PROPOSTA:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O golpe militar fascista de 1936 non ocasionou enfrentamento bélico importante no noso Concello, e, sen embargo, foron asasinadas personas por ser considerados afíns á República ou simplemente polas suas ideas. Os asasinatos leváronse a cabo por partidas organizadas a tal fin polos sublevados, dirixidos por xuntas de guerra, e sen mediar ningún atisbo de legalidade nen formalismo. Estes actos criminais leváronse a cabo en moitos casos co beneplácito e participación da xerarquía eclesiástica da igrexa Católica, manifestada públicamente a favor do chamado 'Alzamiento'.

Os familiares dos asasinados deberon sumar ó drama da perda dun ser querido toda a inxustiza derivada dunha guerra e da dictadura; a dor e a situación de incertidume ante os desaparecidos, a disgregación dos núcleos familiares polas penas de cárcere e desterro, as secuelas psíquicas que moitas personas non poideron superar nunca e pagaron coa enfermidade e a morte prematura, a penuria económica (moitos sufriron o expolio das súas propiedades) e o horror cotidiano das afrentas públicas (cortes de pelo e paseos...), os agravios e insultos (lanzados dende tódalas estancias oficiais e medios de comunicación da dictadura, dende os púlpitos das igrexas, e continuados na rúa ó amparo destas entidades), a persecución brutal do galego e da cultura galega, a marxinação social e a indefensión máis completa. Non podía pasar máis tempo sen que, polo menos, dende o noso grupo municipal se rendera homenaxe aínda que tarde, a eses defensores da liberdade, do progreso e da xustiza social que foron asasinados sen ser xulgados nen nada que o xustificara.

A publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE) o 27 de decembro de 2007 da LEI 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a dictadura eleva a rango normativo algo consustancial a calquera sociedade democrática, isto é, a adopción “dunha serie de medidas (artigos 15 e 16 da mencionada lei) en relación cos símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil ou da dictadura, sustentadas no principio de evitar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da dictadura, no convencemento de que os cidadáns teñen dereito a que así sea, a que os símbolos públicos sexan ocasión de encontro e non de enfrentamento, ofensa ou agravio”. Son palabras literais do citado texto legal, de aplicación a partir do 28 de decembro de 2007, que deixa claro cómo “a presente lei quere contribuir a pechar feridas aínda abertas e dar satisfacción

ós cidadáns que padeceron, directamente ou na persona dos seus familiares, as consecuencias da traxedia da Guerra Civil ou da represión da dictadura.

A Ley 52/2007 de 26 de decembro recolle no seu artigo 15.1 que as Administracións Públicas incluídas as locais, e por ende o noso Concello “no exercicio das súas competencias tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, personal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da dictadura. Entre estas medidas poderán incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas”.

No Concello de Manzaneda existe a día de hoxe simboloxía franquista, a pesar da chegada da democracia e a promulgación da lei de “ Memoria Histórica”, o que pon de manifesto a necesidade moral e a obriga legal de retirar ditos símbolos.

ACORDOS

- Condena do réxime franquista e por ende o fascismo.
- Dar comezo, en cumprimento da lei de “Memoria Histórica”, á eliminación de toda simboloxía franquista da época, que aínda persistan hoxe en día no Concello.
- Revisar os arquivos do Concello na procura de documentos relativos á Guerra civil e posterior represión franquista.
- Convidar ós cidadáns do Concello a colaborar coa identificación de simboloxía franquista e demais datos ou testemuñas que poidan aportar. Farase pública tal proposta nos taboleiros informativos de cada pobo.
- Instar á igrexa católica á retirada de todo símbolo franquista das igrexas do noso Concello que non aparezan no catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e á dictadura.
- Instalación dunha praca nun lugar ou edificio público que recoñeza a todas aquelas vítimas directas e indirectas do réxime totalitario.
- Solicitar ó Centro Documental da Memoria Histórica, con sede na cidade de Salamanca, os fondos documentais e fontes secundarias que poidan resultar de interese para o estudo da Guerra Civil, a dictadura franquista, a resistencia guerrilleira contra ela, o exilio, e o internamento en campos de concentración durante a segunda guerra mundial e a transición, que fagan referencia a feitos acontecidos no noso Concello ou involucren a personas pertencentes ó mesmo.

En Manzaneda, a 1 de febreiro de 2012

Grupo Municipal
Bloque Nacionalista Galego
Concello de Manzaneda